

PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE 2 MONITORES/AS DE LUDOTECA E SERVIZOS PARA REFORZO DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN CONXUGA

ACTA DA MESA DE SELECCIÓN

Reunidos no Centro da Terceira Idade de Vedra, o día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e un, os membros da Comisión Seleccionadora para a contratación temporal de dous/dúas monitores/as de ludoteca e servizos, a xornada parcial (20 horas/semanais) para reforzo dos Programa de Conciliación Conxuga (servizo de madrugadores e ludoteca), designados ao efecto por Resolución da Alcaldía núm. 634/2021, do 05 de novembro:

D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO (Presidente)

D^a. CARMEN ADELA SABIO SANZ (Vogal)

D^a. NIEVES GONZÁLEZ MUJICO (Vogal)

D^a. MARÍA DE LA CRUZ VILAS GIADANES (Asesora)

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS (Secretaria)

Ás 10:00 horas procédese ao chamamento dos candidatos/as , por orde alfabética. Están presentes:

APELIDOS E NOME
BUA BARBOSA, EDUARDO
CANABAL PEON, UXIA
CES SANTOS, UXIA
CONDE MATO, MARIA TERESA
GARCIA FERNANDEZ, ALBERTO
GARCIA TORRES, MONTSERRAT
LAGARES FERREIRO, SERGIO
MARTINEZ TABOADA, JESUS
PENAS REY, MARIA
RODRIGUEZ CANICOBA, MARIA ERIKA
RODRIGUEZ SEVILLANO, VIOLETA
SUAREZ BARROS, MARIA

Unha vez os/as aspirantes presentes están sentados/as, para preservar a súa identidade e a transparencia do proceso, entrégaselles un sobre grande que contén a proba (castelán ou galego á súa elección), unha ficha para cumprimentar os seus datos persoais e outro sobre máis pequeno con tres etiquetas identificadoras que se colocan na ficha de datos persoais e nos dous exames.

De acordo coa base sexta das reguladoras da convocatoria, publicadas no BOP núm. 197/2021, do 15 de outubro, na páxina web municipal (<https://concellodevedra.com>) e na sede electrónica (<https://sede.vedra.es>) a fase de oposición consta de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consisten nun exame tipo test de 10 preguntas máis 5 de reserva e máis no desenvolvemento por escrito dun suposto práctico, elixido pola Comisión Seleccionadora de

entre tres posibles, a realizar nun tempo máximo de 90 minutos. A puntuación máxima de cada un dos exercicios é de 5,00 puntos, e para superar a fase os/as candidatos/as deben acadar unha puntuación mínima de 2,00 puntos tanto no test coma no suposto práctico.

Ás 10:15 comeza a proba e remata as 11:45 horas

Deseguido os membros da Comisión trasládanse para a Casa do Concello para a avaliación dos exercicios realizados.

Ás 14:30 horas remata a reunión , acordando continuar coa avaliación dos exercicios o vindeiro luns 29 de novembro ás 09:30 horas